

PROCESO DE CREACIÓN DE “DIOLA”

Antía Díaz

antiadiaz82@hotmail.com


No teatro dunha abadía, situada na praza St-Dennis en Bruxelas, inicié unha viaxe desde o descoñecido sen destino definido. Era a primeira vez que me enfrontaba a unha creación desde este lugar. Ata ese momento vivira diferentes procesos como intérprete, nos cales case sempre houbo un espazo amplo para a investigación e a creación persoal pero partindo de ideas, imaxes ou experiencias dun director ou coreógrafo que decidía compartir o seu mundo comigo. Aquí vinme fronte a unha follá en branco e un espazo baleiro onde a idea, a forma e as decisións partían da miña. O método que seguí baseouse na intuición, estivo marcado polas miñas experiencias anteriores, por mecanismos de investigación que coñecía ; aproveitei para reempregar e desenvolver fórmulas que xa probara, que me enriqueceron ou nas que sentía que non indagara o suficiente. Así, nun primeiro momento convertín este proceso nun lugar onde experimentar todo aquilo que me perseguía desde facía tempo, nunha escusa para probar, confundirme e sorprenderme.

O punto de partida foi unha sensación, un estar deixado por unha experiencia. Esta sensación é, en definitiva, sentir a transformación do corpo co paso do tempo, este pode ser un segundo ou toda unha vida, pero independentemente da duración, o corpo queda marcado pola vivencia do sentido. Este estar é unha procura de ti mesmo dentro do teu propio corpo, un rastrexo das formas que adopta e trázalas que o atravesan. Artaud fala do corpo como o todo, o que é, o que pensa, o que é consciente. A súa cita « Entre mon corps et mon corps il e a rien, rien que moi » (Entre o meu corpo e o meu corpo, non hai nada, máis nada que eu) apareceu entre as miñas mans ao principio do proceso e converteuse no leivmótico do percorrido. A partir de aquí, diferentes camiños abríronse partindo dos tres nomes que contén a cita «corpo», «e» e «nada». Isto levóume á imaxe na que me atopaba: un corpo rodeado de nada. Deste xeito, o meu camiño empezou cara a dentro, unha inmersión instintiva cara ao profundo. Realiceí un percorrido invisible, seducida polo descoñecido entrei en territorios que me intimidaron nalgúns momentos e que me guiaron noutros.

Baseándome na improvisación e indagando nos estados dun corpo nun espazo baleiro, seguí o efémero que se extingue logo de cada paso deixando a memoria adherida. Aquí o corpo

preséntase como materia que sente, como posuidor de algo sen definir, que só é posible sentir sen explicar. Nel repousan as experiencias, e del nacen os encontros. Nestas improvisacións sentín que o proceso convertíase no suxeito mesmo da investigación, e non no obxecto. Cada unha delas transformábase nunha experiencia no momento presente, onde a razón e a reflexión quedaban nun segundo plano para mergullarme nas reaccións máis viscerais do corpo. É neste momento cando aparece o instinto, a achega á natureza das cousas e tamén de ti mesma, fronte ao inevitable, ao que xorde, para vivilo fóra do tempo e do espazo. A caixa negra é un lugar propicio para inventar este momento, un momento que xa non se mostra máis como un reflexo da realidade se non como unha parte dela, deste xeito a obra convértese no día a día no que damos paso todo o máis sincero enmascarado de representación.

O proceso foi unha conversación entre o que pasaba no estudo, e as referencias coas que me ía identificando e íanme asegurando. Esta relación co exterior é ambigua. Nun principio a receptividade dos axentes externos pronúnciase, buscando fontes, estímulos, puntos de ancoraxe, cómplices. Logo dun momento, este vínculo invístese e o universo que creaches insírese no mundo exterior. Deste xeito, o teu percorrido vólvese omnipresente no cotián, en cada conversación ou situación.



Debuxo do movemento e son de Miquel Casaponsa

O período de creación desenvolveuse xunto ao músico Miquel Casaponsa. O son e o movemento foron creados paralelamente alimentándose un do outro, xogando a seguirse e fuxirse, a escoitarse e obviar, a enganarse e a atoparse. Así, cohabitando, cedendo e invadindo un mesmo espazo creouse unha relación na cal descoñécese cal é a causa e cal a consecuencia, se é a banda sonora dun estado ou a imaxe dun son.

Despois de semanas mergullada neste universo, intentei coller distancia co traballo e velo desde outro punto de vista e dun xeito máis consciente, saber que se xerou e estaba crecendo. Era o momento de tecer a tea de araña, buscar o ritmo, a cor, os matices e as sutilezas. Propúxenme un traballo de obxectivación, de escoita á peza para pescudar as súas necesidades, o que escasea e o que sobra, o que vibra por se só e o que necesita un xiro, e así convertela nun percorrido de imaxes pasando por diferentes estados dun mesmo viaxe. Neste momento presentáronse moitas preguntas, entre elas : Como observar as miñas experiencias como algo alleo? É aquí onde empeza o acto de creación en se mesmo: o quebracabezas con mil posibilidades. A axuda dun ollo exterior que puidese ver o que eu era incapaz fíxose imprescindible. O dramaturgo Michiel Soete, co que xa traballara en varias ocasións veu ver un ensaio e descifrou o que estaba implícito na peza e escapaba á miña percepción.

Logo de moitas conversacións, de preguntas, de dúbidas, de escoitas, o só *Diala* empezou a coller forma e a crecer como un ente independente. Durante a creación deixei as portas amplamente abertas á sorpresa, cedín o espazo á parte mais irracional do corpo, deixei que el buscará o seu lugar e a súa forma, o seu xeito de facer e de sentir. Prescindín de toda reflexión para lograr que este corpo actuase sen a contaminación de prexuízos ou ideas preconcebidas.

Para o meu este proceso foi unha evolución desde crear algo ata que ese algo che crea. O «resultado» creo que reflicte o proceso mesmo, non hai historia nin narración, non hai intento de explicar ou de impor unha idea, presenta un estado, que se identifica coas experiencias mesmas da creación. «Este» estado de «este» corpo, entre o baleiro dunha caixa negra, é un espazo aberto á imaxinación ou experiencia de cada un que o ve.

A finais do 2009 estreei este só e aí empezou unha nova fase do proceso, seguiu crecendo e cambiando, agora cun novo compoñente: o público. Aquí a caixa negra baleira convértese nunha caixa negra observada. Unha nova relación, conversación que modifica o que foi para convertelo en algo en continuo movemento e mutación.